



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO

REVISIÓN
nº : 1

Data:
06/2024

DATA DA 1ª APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 02/04/2019
DATA DA 1ª APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 02/04/2019
DATA DA 1ª REVISIÓN: 27/06/2024
DATA DA 2ª APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 27/06/2024
DATA DA 2ª APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 27/06/2024

→ A elaboración do PAD é o resultado do seguinte proceso:

1. Xefatura do Departamento de Orientación elabora un borrador.
2. Entrega do borrador a través da CCP aos equipos de ciclo-educación infantil e de nivel-Educación Primaria para realizar achegas.
3. A CCP recibe achegas e debate.
4. Xefatura do Departamento de Orientación elabora o documento a partires das propostas e debate.
5. Claustro aproba o documento.
6. Consello escolar aproba o documento.
7. Inspección educativa supervisa o documento.

→ Para a difusión do PAD á comunidade educativa:

1. será enviado aos membros do claustro, do consello escolar e da asociación de nais e pais do alumnado (ANPA)
2. unha copia quedará na secretaría do colexio.
3. estará exposto na páxina web do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprosaliacarril/>)

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO EN RELACIÓN Á TIPOLOXÍA DO ALUMNADO
3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES
 - 3.1. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (NEE)
 - 3.2. ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE (DEA)
 - 3.3. ALUMNADO CON TRASTORNO DE DÉFICIT DE ATENCIÓN E/OU HIPERACTIVIDADE (TDAH)
 - 3.4. ALUMNADO CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA (TEA)
 - 3.5. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS (AA.CC.II)
 - 3.6. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL E ALUMNADO CON CONDICIÓNS PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR.
 - 3.7. NECESIDADES DO PROFESORADO.
 - 3.8. NECESIDADES DAS FAMILIAS.
4. OBXECTIVOS
5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
 - 5.1. PROCEDEMENTO PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO
 - 5.2. RELACIÓN DE PROGRAMAS E MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA O NOSO CENTRO
6. MEDIDAS PARA A ORGANIZACIÓN E A DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS
 - 6.1. MEDIDAS ORDINARIAS
 - 6.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN
 - 7.1. REUNIÓNS NO PROPIO CENTRO.
 - 7.2. REUNIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS.
 - 7.3. REUNIÓN COS CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL CANDO EXISTA ALUMNADO EN MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA.
 - 7.4. REUNIÓN COS PROFESIONAIS QUE ATENDEN AO ALUMNADO EN SITUACIÓN DE ATENCIÓN DOMICILIARIA E/OU HOSPITALARIA.
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO
 - 8.1. COLABORACIÓN CON FAMILIAS OU TITORES/AS LEGAIS.
 - 8.2. COLABORACIÓN CON INSTANCIAS EXTERNAS
 - 8.3. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE

ORIENTACIÓN ESPECÍFICO (EOE)

9. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DO ALUMNADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

10. MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROTOCOLOS ESTABLECIDOS

POLA CONSELLERÍA

10.1. ABSENTISMO

10.2. TDAH

10.3. TEA

10.4. HIPOACUSIA E DISCAPACIDADE AUDITIVA.

10.5. SÍNDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL.

10.6. DISLEXIA E OUTRAS DEA.

10.7. ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS.

10.8. DISCAPACIDADE VISUAL

10.9. DISCAPACIDADE MOTORA

10.10. ATENCIÓN TEMPERÁ

11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Atención á Diversidade ten como finalidade planificar as medidas educativas que faciliten unha resposta ás necesidades que presenta o alumnado escolarizado neste centro e, en especial, aquel con necesidades específicas de apoio educativo. Dita resposta adaptárase á realidade e singularidade do centro.

O modelo adoptado pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE), entende a atención á diversidade como unha necesidade que abarca todas as etapas educativas e a todo o alumnado. É dicir, trata de considerar a diversidade do alumnado como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Desde esta perspectiva, entenderemos por diversidade “as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e as distintas causas ás que poden atribuírse: aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais, etc.”

Todos estes aspectos darán lugar a un alumnado heteroxéneo en canto as súas necesidades educativas, que irán desde o menos ao máis diferente e que determinarán, a súa vez, as respostas educativas, que irán das máis ordinarias ás máis extraordinarias.

O reto consiste en ofrecer a todo o alumnado a axuda pedagóxica que necesite, axustando a intervención educativa á individualidade. Atender á diversidade, non é só atender as diferenzas individuais do alumnado, senón tamén poñer en xogo todos os elementos organizativos (materiais, espaciais, agrupamentos, horarios, infraestrutura, coordinación docente, estratexias, etc.) en aras de cubrir as necesidades que presente o alumnado.

Polo tanto, o Plan Xeral de atención á Diversidade é unha ferramenta encamiñada a dar resposta ao conxunto global do alumnado, tanto ao que puntualmente presenta algún tipo de dificultade e necesita algún tipo de axuda, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo.

Neste último grupo, encadraríamos ao alumnado que, por distanciarse en gran medida do currículo que se propón para o seu grupo, poden precisar, ademais de adaptacións dentro da programación da aula ordinaria, que o currículo se

modifique máis ou menos “significativamente” e, por este motivo, poden chegar tamén a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos humanos de apoio, menos ou máis especializados.

A resposta educativa ofrecida é responsabilidade de toda a comunidade educativa, tal e como se indica na Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ésta resposta, apoiarase nunha liña metodolóxica que considere: cultura da diversidade, da inclusión, da coordinación, da participación, da colaboración, da tecnoloxía, da innovación, da avaliación, da recuperación e da relación coa contorna e as institucións.

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO EN RELACIÓN Á TIPOLOXÍA DO ALUMNADO

O Colexio Público Plurilingüe Rosalía de Castro está emprazado en Carril, localidade pertencente ao Concello de Vilagarcía de Arousa, provincia de Pontevedra.

O contorno escolar está constituído por cinco núcleos principais de poboación: Carril, Trabanca Sardiñeira, Bamio, Guillán e Vilagarcía.

Trátase, en xeral, dun entorno rural-urbano, sendo a localidade de Carril a que reúne as características máis tipicamente urbanas; Trabanca é unha zona intermedia entre o urbano e o rural; Bamio é de características tipicamente rurais, así coma a localidade de Guillán. Debe terse en conta que Carril e Trabanca son núcleos de poboación que distan do centro urbano de Vilagarcía menos de 2 quilómetros.

O medio de vida é distinto en cada localidade.

En Carril predomina o marisqueo, consistente na actividade de explotación de pequenos viveiros onde se cultivan moluscos (ameixas e berberechos), constituíndo isto a fonte de ingresos da maioría das familias.

En Trabanca, Guillán e Bamio a industria e mailos servicios ocupan á maioría da poboación.

A agricultura é só un complemento na alimentación familiar, e non se practica co fin de

obter ingresos.

O marisqueo ocupa a gran parte dos veciños destas localidades principalmente durante o mes de outubro, que é cando se abre a veda do berberecho e da ameixa nas praias e lombos (areais que quedan ao descuberto nas baixamares das mareas vivas)

Tamén debemos ter en conta que hai bastantes alumnos que teñen os pais fóra, ben como emigrantes ou embarcados na mercante.

É obrigatorio elaborar ao comezo de cada curso unha proposta de concreción anual do PXAD (artigo 11.4 do Decreto 229/2011), nela se especificará o relativo a este punto pero en termos xerais podemos dicir que:

Este centro escolariza alumnos/as de Educación Infantil e Primaria de 3 a 12 anos. O alumnado procede dos núcleos de poboación antes mencionados, Carril, Trabanca Sardiñeira, Guillán, Bamio e Vilagarcía.

O centro conta con 1 liña en Educación Infantil e 2 liñas en Educación Primaria, observándose nos últimos anos unha tendencia a incrementarse a matrícula, tendo nestes momentos un desdoblamento, en 6º de Educación Infantil, polo tanto, contando con dúas aulas nese nivel.

O CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro, conta con unha alta porcentaxe de alumnado que presenta NEAE (Necesidade Específica de Apoio Educativo) por presentar á súa vez: NEE (Necesidades Educativas Especiais), por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural, por presentar altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tardíamente ao sistema educativo español ou por condicións persoais ou de historia escolar.

A resposta educativa a este alumnado ofrécese mediante as actuacións levadas a cabo polos mestres e mestras tutores e titoras, a intervención das mestras de AL e PT e os apoios do/profesorado con dispoñibilidade horaria.

A maioría do profesorado ten praza definitiva no centro, o que favorece a continuidade das actuacións ano tras ano.

O centro conta cun D e p a r t a m e n t o d e O r i e n t a c i ó n (DO), que ten adscritas dúas unitarias: a EEI de Vilar-Bamio e a EEI de G u i l l á n . A orientadora presta atención de 1 sesión semanal en cada unha delas e realiza tamén, apoios en aula (atención á diversidade) e apoio especializado de PT. Así mesmo, contamos cunha mestra de PT a tempo completo e outra itinerante e unha mestra de AL a tempo completo. A maiores, de cara o vindeiro curso 2024-2025, temos concedida unha mestra de AL itinerante.

Levamos varios cursos, contando ademais, co programa PROA+, no que se adxudica un/ha mestre/a especialista en PT a media xornada.

En relación ás familias do alumnado comentar que , en xeral, colaboran co centro e dende a ANPA , participan no desenvolvemento de actividades.

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

3.1. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (NEE)

As principais necesidades que presenta este tipo de alumnado son:

- Dificultade para adaptar o seu comportamento ás normas establecidas.
- Falta de estratexias e habilidades sociais.
- Dificultades para conceptualizar os elementos do seu entorno.
- Retraso na adquisición da linguaxe, tanto na articulación e pronunciación como no descubrimento das estruturas lingüísticas e a adaptación contextual.
- Dificultades para coñecer, percibir e ordenar.
- Necesidade de aumentar o grao de autonomía.
- Necesidade de aumentar o grao de motivación e esforzo.
- Falta de atención e concentración.
- Dificultades na velocidade de procesamento da información que repercuten na lentitude na realización de tarefas.
- Dificultades de organización e planificación.
- Dificultades na memoria de traballo.

3.2. ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE (DEA)

As principais dificultades que caracterizan ao alumnado con DEA varían en función de se estas dificultades se asocian á escritura, á lectura ou cálculo. Na maioría dos casos están asociadas ás dúas primeiras.

Dificultades asociadas coa lectura:

- Decodificación. A súa lectura presenta un retraso significativo en relación ao esperado para a súa idade.
- Dificultade na lectura de pseudopalabras.
- Baixa velocidade e comprensión lectoras.

- Mala conciencia fonológica.
- Vocabulario e discurso moi pobre.

Dificultades asociadas coa escritura:

- Expresión escrita (planificación, coherencia e cohesión)
- Dificultade na escritura de frases gramaticalmente correctas, de parágrafos organizados e de textos ben estruturados.
- Moitas faltas de ortografía e a súa grafía non é a axeitada
- Pobreza de estruturación morfosintáctica.

Dificultades asociadas co cálculo:

- Dificultade no manexo da numeración.
- Dificultade na adquisición de conceptos básicos.
- Dificultade para automatizar cálculos sinxelos.
- Dificultade na organización viso-espacial.
- Pouco desenvolvemento das habilidades de secuenciación e seriación.
- Pouco desenvolvemento da capacidade de abstracción e simbolización.
- Dificultades no razoamento lóxico-matemático.

3.3. ALUMNADO CON TRASTORNO DE DÉFICIT DE ATENCIÓN E/OU HIPERACTIVIDADE (TDAH)

O centro tamén conta con alumnos diagnosticados de TDAH (Trastorno de Déficit de Atención e Hiperactividade) , de tipo inatento, hiperactivo e/ou impulsivo, ou de tipo combinado.

As necesidades que presenta o alumnado con TDAH son:

- Mellorar o grao de atención e concentración.
- Controlar a actividade motriz : levantarse do asento, falar cos iguais, facer ruído, etc.
- Controlar a impulsividade.
- Dificultade para seguir as normas da aula.
- Mellorar a memoria secuencial. Dificultade para establecer unha orde na realización de tarefas (organización, planificación e execución).
- Alto grao de frustración con baixa tolerancia a mesma que se reflicta en conductas inaxeitadas e desregulación emocional.

- Nivel baixo de autoconfianza.
- Dificultade para realizar tarefas que requiren dun esforzo mental sostido ou un grao de organización elevado.

3.4. ALUMNADO CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA (TEA)

O centro ten tamén matriculados varios alumnos/as con TEA (Trastorno do Espectro Autista).

As principais necesidades atopadas neste alumnado son, principalmente:

- Deterioro cualitativo nos patróns de interacción social e de comunicación.
- Ausencia de linguaxe, en ocasións, ou presenza de linguaxe ecolálico e/ou sen funcionalidade, precisando dun SAAC (Sistema Aumentativo e /ou Alternativo de Comunicación)
- Actividades e intereses repetitivos, restrinxidos e estereotipados, que dificultan o desenvolvemento cotiá, o cal inclúe tamén o horario lectivo.
- Nivel de atención hiperselectiva, polo que poden concentrarse moito nunha tarefa que lles chame a atención e non concentrarse noutras.
- Periodos moi curtos de atención sostida.
- Dificultade nas habilidades sociais, o que afecta á realización de actividades de grupo e xogo, ou a calquera outra actividade cooperativa que se realice no centro.
- Dificultades para comprender os contextos sociais e as normas convencionais.
- Necesitan que se promova unha aprendizaxe ligada aos seus intereses e motivacións.

3.5. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS (AA.CC.II)

As principais necesidades atopadas no alumnado que presenta altas capacidades son:

- Son perfeccionistas e autocríticos, o que pode orixinar frustración e baixa autoestima.
- Adoitan presentar intereses moi específicos sobre temáticas concretas, algunhas alonxadas da súa idade cronolóxica, o que pode orixinar que non estean interesados en contidos académicos.

- Teñen un alto valor pola xustiza, o que pode orixinar que, en ocasións, poidan chegar a desafiar as normas por non consideralas xustas.
- Presentan un razoamento particular, interpretando a realidade e a información dunha maneira diferente ao habitual.
- Manifestan desagrado por tarefas repetitivas e rutineiras, polo que deben ofrecérselle distintas posibilidades de realización de tarefas.
- Son moi sensibles e poden presentar reaccións emocionais intensas.
- Prefiren o traballo individualizado, o que repercute no ámbito do traballo en grupo e cooperativo.
- Cústalles aceptar decisións cando non as entenden ou non se lles da unha explicación razoada.
- Adoitan presentar desaxustes entre o nivel de desenvolvemento cognitivo e a madurez socio-emocional.

3.6. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL E ALUMNADO CON CONDICIÓN PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR.

A. ESTRANXEIROS

As principais dificultades coas que se atopa o alumnado procedente doutro país son as seguintes:

- Descoñecemento do idioma e da cultura.
- A acollida por parte do totalidade do alumnado.
- Diferente nivel académico: con frecuencia presentan un considerable desfase curricular en relación aos alumnos/as da súa idade.
- Adaptación ás normas de organización e funcionamento do centro.

B. ALUMNADO QUE PERMANECEU UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

As principais dificultades coas que se atopa o alumnado que permaneceu un ano máis no mesmo curso son as seguintes:

- Adaptarse a un novo grupo de alumnos.
- Aumentar o grao de motivación e esforzo.
- Aumentar a autonomía.

- Falta de hábitos e técnicas de estudo.

C. ALUMNADO QUE PROMOCIONOU CON MATERIAS PENDENTES

As alumnas ou alumnos que pasan ao seguinte ciclo/ nivel/ etapa con algunha área pendente atópase, como principal atranco:

- Adquisición dos novos contidos sen ter afianzados os contidos do curso anterior.
- Falta de hábitos e técnicas de estudo.

D. ALUMNADO CON ATENCIÓN HOSPITALARIA OU DOMICILIARIA

As principais dificultades coas que se atopan son as seguintes:

- Adquisición de novos contidos fóra do contexto escolar.
- Condicións desfavorables de saúde que ralentizan o ritmo de estudo e traballo.
- Risco de desvinculación do grupo de iguais, sobre todo cando recibe esta atención hospitalaria e/ou domiciliaria por un longo período de tempo-
- Dificultades emocionais.

E. ALUMNADO CON ATRASO CURRICULAR XENERALIZADO

O alumnado que presenta un atraso curricular acostuma a ter:

- Dificultade para adaptarse ao ritmo da clase.
- Baixa autoestima.
- Baixa tolerancia á frustración.
- Dificultade para realizar as tarefas de xeito autónomo.
- Necesidade de atención educativa individualizada.
- Lagoas nos coñecementos previos, así como nas bases da lectura, a escritura e o cálculo básico.
- Falta de hábitos e técnicas de estudo.

F. ALUMNADO ABSENTISTA

O alumnado absentista presenta as seguintes características:

- Dificultade para seguir os contidos que se están a desenvolver.
- Dificultade para adaptarse ás normas.
- Falta de interese e motivación.
- Necesidade de Atención individualizada.
- Falta de esforzo e autonomía.

- Dificultade para a súa integración no grupo.
- Lagoas nos coñecementos previos, así como nas bases da lectura, a escritura e o cálculo básico.
- Falta de hábitos e técnicas de estudo.

G. ALUMNADO EN RÉXIME DE TUTELA DA XUNTA OU EN SITUACIÓN SOCIAL DESFAVORECIDA

O alumnado que se atopa en réxime de tutela da xunta ou que se atopa en situación social desfavorecida presenta as seguintes dificultades:

- Dificultade no manexo das habilidades sociais.
- Baixa autoestima e alta capacidade de frustración.
- Inseguridade.
- Falta de hábitos e rutinas.
- Dificultade no manexo de normas e límites .
- Desafección.
- Desmotivación xeralizada, especialmente cara a escola e as aprendizaxes escolares.

3.7. NECESIDADES DO PROFESORADO.

- Asesoramento en canto a bibliografía que aborde temáticas relacionadas coas dificultades detectadas no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Coñecemento, en profundidade, dos protocolos institucionais existentes para atender ás NEAE na aula, así como formación práctica para aplicarlos.
- Seguir formándose en metodoloxías innovadoras e de atención á diversidade.
- Alentar o desenvolvemento profesional mediante o intercambio de experiencias.
- Asesoramento en canto a medidas de atención a diversidade.
- Manter unha relación fluída entre as familias e o profesorado para conseguir unha colaboración que permita traballar pautas de actuación común.

3.8.NECESIDADES DAS FAMILIAS.

- Asesoramento sobre como poder mellorar a atención aos seus fillos en relación ás NEAE que presentan.
- Asesoramento /pautas para atender e comprender as demandas dos seus fillos/as con NEE.
- Necesidade de estratexias para reconducir a conduta / comportamento do/a seu fillo/a.
- Necesidade de estratexias que faciliten o establecemento de normas e límites.

4. OBXECTIVOS

As medidas de atención á diversidade, coa súa posta en práctica, irán dirixidas á consecución dos seguintes obxectivos:

- Establecer a inclusión educativa como o modo en que se debe dar resposta a diversidade no centro, facilitando a todo o alumnado o máximo desenvolvemento social e das súas capacidades persoais.
- Procurar que todo o alumnado acade as competencias clave no maior grao que lle sexa posible, así como os obxectivos propostos para cada curso, ciclo e etapa, garantindo o dereito a unha educación de calidade que lles asiste.
- Previr o abandono escolar temperá e o fracaso escolar proporcionando medidas axustadas á diversidade de cada neno/a e introducindo as medidas compensadoras necesarias que faciliten un rendemento académico axeitado de todo o alumnado.
- Priorizar as medidas preventivas e de detección temperá.
- Servir de instrumento que facilite ao centro, unha vez valoradas as necesidades educativas da diversidade do alumnado, planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos humanos de que se dispón, para axustalos ás necesidades.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.
- Organizar medidas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado ordinario e dos especialistas para adecuarse á atención das novas necesidades educativas.
- Garantir a actuación coordinada de mestres e especialistas para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- Establecer canles de coordinación entre o profesorado que intervén co alumnado

con neae.

- Marcar as pautas de actuación na titoría e orientación educativa do alumnado e na relación coas familias para apoiar o proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Optimizar e organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo, e na procura da mellora da eficacia e a calidade dos procesos educativos.
- Promover a formación do profesorado en temas relacionados coa atención á diversidade.
- Posibilitar a integración social e educativa, potenciando actitudes de aceptación e respecto en todo o alumnado.
- Fomentar a participación do alumnado e as súas familias na vida do centro: actividades complementarias, extraescolares, ...
- Garantir a coordinación entre os equipos de orientación educativa ou departamentos de orientación, o profesorado e os centros docentes que imparten a educación primaria e a educación secundaria obrigatoria, facilitando así o tránsito entre etapas.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación axeitadas ás necesidades de cada alumno ou alumna.
- Fomentar a participación dos pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos e das súas fillas.
- Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.
- Impulsar a colaboración e coordinación do centro con outras institucións e entidades.

5. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención á diversidade garantirá o acceso e a permanencia no sistema educativo do alumnado con NEAE (necesidade específica de apoio educativo).

As medidas de atención á diversidade poderán ser tanto organizativas como curriculares, e permitirán ao centro, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas e dos recursos humanos e materiais que se lles asignen de acordo coa planificación educativa e unha atención personalizada ao alumnado en función das súas

necesidades. Estas medidas, deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten no alumnado dificultades de aprendizaxe e estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas que presenten.

As medidas deberán contemplar a inclusión escolar e social do alumnado e, en ningún caso, poderán supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os obxectivos e competencias propios de cada etapa.

A atención á diversidade do alumnado será a pauta ordinaria da acción educativa, para o cal se favorecerá unha organización flexible, variada e individualizada da ordenación dos contidos e do seu ensino. De acordo con iso, o profesorado terá en consideración nas programacións dos contidos e das actividades as diversas situacións escolares e as características específicas do alumnado ao que atende.

Prestarase especial atención durante todo o ensino básico ás estratexias de apoio e reforzo das áreas ou materias instrumentais de Lingua castelá e literatura, Lingua Galega, Matemáticas e Lingua estranxeira (Inglés).

O marco habitual para o tratamento do alumnado con dificultades de aprendizaxe, ou con insuficiente nivel curricular en relación co do curso que lle correspondería por idade, é aquel no que se asegure un enfoque multidisciplinar, asegurándose a coordinación de todos os membros do equipo docente que atenda ao alumno ou alumna e do departamento de orientación.

A atención ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo realizarase, ordinariamente, dentro do seu propio grupo. Cando a devandita atención requira un tempo ou espazo diferente, farase sen que supoña discriminación ou exclusión do devandito alumnado e deberá estar debidamente xustificado e razoado no Informe Psicopedagóxico e/ou na proposta de Adaptación Curricular, de ser o caso. Tal e como se recolle na Orde do 8 de setembro de 2021.

Durante o proceso de escolarización, o centro establecerá medidas de detección e atención temperá, co obxecto de que o alumnado que o requira alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.

As actuacións en materia de atención á diversidade do alumnado manterán unha continuidade entre cursos, ciclos e etapas, para o cal se celebrarán reunións de titoría compartida entre o profesorado titor do último curso de cada etapa co do primeiro curso da etapa seguinte, co asesoramento do departamentos de orientación, co obxecto de intercambiar información sobre as medidas de atención á diversidade que se estean a

desenvolver e a súa eficacia, así como para coordinar criterios no tratamento do alumnado con dificultades de aprendizaxe.

O profesorado responsable da aplicación das diferentes medidas de atención á diversidade será designado pola dirección do centro a comezos de cada curso ou, no seu caso, no momento de incorporación do alumnado a calquera dos programas ou actuacións considerados no presente documento.

O profesor/a titor/a, logo de que informe á Xefatura de Estudos e á Dirección de centro, informará aos pais ou tutores legais da medida adoptada, das súas características e da súa idoneidade, deixando constancia diso, e asinando coa familia un compromiso educativo no que se plasmen as actuacións ás que se compromete a familia e o profesorado do alumno con respecto ao desenvolvemento e seguimento das medidas acordadas.

5.1. PROCEDIMENTO PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

O procedemento para a detección e valoración das NEAE farase seguindo as instrucións da normativa legal vixente. Polo que se levará a cabo en dous pasos: primeiro unha avaliación inicial e, tras esta, se é necesario, unha avaliación psicopedagóxica.

AVALIACIÓN INICIAL: recollida na Orde do 8 de setembro de 2021, na Orde do 30 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordeación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e na Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro polo que se establecen a ordeación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa. Ademais, é unha función asignada aos mestres-tutores segundo o establecido no art 81 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria. Así pois:

Ó inicio de curso o/a titor/a revisara os expedientes dos /as alumnos/as para ter en conta as necesidades que se detectaron. Cando un mestre/a detecta un escolar con problemática de conduta ou de aprendizaxe significativas, poñerase en marcha un protocolo de actuación que implica:

Unha reunión inicial do titor/a e/ou do equipo docente co Orientador/a.

Establecemento da competencia curricular.

Para o establecemento da competencia curricular.

Aplicación de medidas ordinarias recollidas na Orde do 8 de setembro de 2021 e nos distintos protocolos institucionais.

AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA:

Efectuarase en momentos nos que sexa preciso fundamentar decisións respecto ás medidas extraordinarias de atención á diversidade porque as ordinarias aplicadas non resultaron suficientes:

- Apoio do profesorado especialista en Audición e Lingaxe e Pedagogía Terapéutica.
- Modalidade de escolarización.
- Proposta de flexibilización do período de escolarización.
- Elaboración de ACS.
- Determinación de recursos e apoios específicos.
- Grupo de adquisición de linguas.
- Grupo de adaptación da competencia curricular

O procedemento para a solicitude desta avaliación será o seguinte:

1. O/A titor/a informa o/a director/a da necesidade de realización da avaliación psicopedagóxica para un alumno/a.
2. Cubre a solicitude (segundo modelo dos protocolos e entrega no DO).
3. Entrevista do/a Xefe/a do DO co titor/a para completar información.
4. Entrevista coa familia para explicarlle a situación e informar de que se levará a cabo dita avaliación.
5. Revisión da documentación existente no centro sobre o/a alumno/a.
6. Realización da avaliación propiamente dita.
7. Elaboración do Informe Psicopedagóxico.
8. Información sobre os resultados da avaliación o/a titor/a e a familia e autorización para a adopción das medidas propostas.
9. Apertura da ficha de alumnado con necesidades educativas para incorporar o expediente

5.2. RELACIÓN DE PROGRAMAS E MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA O NOSO CENTRO

ESCOLARIZACIÓN

O proceso de escolarización ao que nos teremos que cinguir a hora de admitir o alumnado será o establecido no Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas do 2º ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, na Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e derroga o artigo 44 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e na Orde do 8 de setembro de 2021.

En todos os citados documentos legais, establécese que se priorizará a escolarización en centros ordinarios do alumnado NEE. En canto as modalidades de escolarización atenderemos á Orde do 8 de setembro de 2021, que establece 5 modalidades: Escolarización en centros docentes ordinarios, Escolarización en centros docentes ordinarios de escolarización preferente, Escolarización en unidades de educación especial en centros docentes ordinarios, Escolarización en Centros de Educación Especial e Escolarización combinada entre un centro ordinario e unha unidade ou centro de educación especial.

Faise constar, que como se cita anteriormente, a escolarización do alumnado con NEE levarase a cabo en centro ordinario prioritariamente e que un cambio na modalidade de escolarización require da aprobación da Inspección educativa por tratarse dunha medida extraordinaria de atención á diversidade, así como requira dunha avaliación

psicopedagóxica, a redacción dun informe psicopedagóxico que pasará a formar parte dun dictame de escolarización, onde se recollerá igualmente, a opinión manifesta dos pais/nais/ titores legais do alumno/a.

ATENCIÓN XERAL

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar.

O requirido pola diversidade do noso alumnado abarca un amplo abanico que inclúe as necesidades de exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos, a encomenda de certas responsabilidades, a necesidade de ser posto frecuentemente en situación de éxito, etc. En síntese, trátase de partir do nivel de coñecementos previos de cada alumno/a e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxecto de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións é preciso que o profesorado coñeza a situación persoal do seu alumnado: os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e ritmo de aprendizaxe decada quen, as súas circunstancias familiares e sociais, as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e que reflexione sobre a metodoloxía máis axeitada para facilitar o achegamento de cada neno/a ao currículo. É fundamental que o titor ou titora estableza unha rede coordinadora entre o equipo docente que incide no seu grupo.

PROGRAMAS E MEDIDAS PARA O NOSO CENTRO:

Partiremos dun modelo de intervención por programas, baseado nos principios de prevención e detección e intervención temperás que se complementará cunha resposta educativa máis especializada cando as circunstancias o requiran.

No centro promoveremos o desenvolvemento dos seguintes programas, sempre adaptándonos ás circunstancias, particularidades e necesidades do alumnado do centro:

1. Programa de estimulación da linguaxe en Educación Infantil

Nel abórdanse obxectivos relativos ó eido da linguaxe oral e os contidos impártense en base a actividades formuladas con carácter lúdico.

O plan está deseñado co propósito básico de favorecer o desenvolvemento lingüístico, á vez que previr, na primeira etapa da escolarización, as dificultades relacionadas coa

linguaxe. Tamén se incide no contexto grupal sobre aquelas dificultades con menor importancia.

2. Programa de detección de déficits sensoriais en educación infantil, por parte do/a orientador/a en colaboración cos titores/as.

3. Programa de dominancia lateral en 1º e 2º niveis de educación primaria, por parte do/a orientador/a en colaboración cos titores/as e mestre/a de educación física.

4. Programa de enriquecemento curricular para alumnado de altas capacidades. (horizontal, vertical e/ou triádico).

5. Atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica (constitución e seguemento do equipo de apoio).

6. Plan de recuperación para o alumnado repetidor. Este recurso diríxese ao alumnado que non promocionou. A repetición debe considerarse como unha medida excepcional, adoptarse unha soa vez ó longo de toda a Primaria e terá como referente os criterios de promoción de ciclo. Cando un titor/a se atope con un alumno/a repetidor/a deberá elaborar para el/a un programa específico de recuperación segundo o modelo establecido pola Inspección Educativa.

7. Programa específico de reforzo educativo. Este recurso diríxese ao alumnado que promociona de nivel con algunha área suspensa. Cando un titor/a se atope con un alumno/a con áreas suspensas deberá elaborar para el/a un programa específico de reforzo segundo o modelo establecido pola Inspección Educativa.

8. Programa de acollida para o alumnado de nova incorporación e incorporación tardía ao sistema educativo así como programa de acollida do alumnado procedente do conflito de Ucraína (en ambos casos seguiranse os modelos e as instrucións aportados pola Consellería de Educación).

Orientacións xerais:

- Sensibilización da comunidade educativa nunha educación intercultural:
- Acollida á familia no centro: explicando as normas de organización e funcionamento e solictando información e asesoramento para cubrir a documentación.
- Acollida do alumno na aula (actividades de presentación e cohesión grupal, alumnado titor...)
- Colaboración con entidades externas ao centro que se encargan de facer

labores con persoas procedentes do estranxeiro (Cáritas, Cruz Vermella...)

9. Plan de atención ao alumnado con TEA

Tendo en conta a existencia no centro de alumnado con este tipo de trastorno

propoñemos un protocolo de actuación baseado nas seguintes premisas:

- ⌚ Faise fundamental coñecer as características especiais deste alumnado polo que o/ Xefe/a do D.O. deberá transmitirle información a comunidade educativa sobre o tema.
- ⌚ Estruturación espacial e temporal con pictogramas do centro e da aula para facilitar a integración e a autonomía persoal.
- ⌚ Elaboración de carteis coas normas do centro para ser colocados en espazos visibles.
 - ⌚ Uso de pictogramas como apoio á labor docente.
 - ⌚ Información ó profesorado e persoal non docente das problemáticas que poden aparecer durante o patio, nas entradas e saídas e nos momentos de lecer e establecemento de estratexias de intervención para evitar conflitos e favorecer a integración.
 - ⌚ Cambios na estruturación dos xogos no patio para facilitar a inclusión de todo o alumnado.

En todo caso teremos en conta o Protocolo para o tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista (TEA), publicado pola Consellería de Educación.

10. Plan de absentismo escolar.

Existe un protocolo, recollido no PE e nas NOF, a seguir en casos de absentismo escolar que o centro porá en marcha cando se detecte esta circunstancia.

Baséase no Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia, publicado pola Consellería de Educación.

11. Plan de acción tutorial

12. Plan de convivencia.

A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro (PE).

Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o PE de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. Este plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. Así mesmo, dentro deste Plan de convivencia atopamos as seguintes medidas, actuacións e programas:

- Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso
- Protocolo ou programa de mediación
- Programa de habilidades sociais.
- Patrullas de convivencia.

Ten como grandes finalidades a prevención de condutas disruptivas debendo:

Ser “traballado” polo profesorado titor e aplicado pola totalidade do profesorado

Por outra banda procuraremos a implantación progresiva, de sucesivos programas coma, por exemplo:

🕒 Programa de técnicas de estudo, principalmente dirixido ao alumnado do 5º e 6º niveis da Educación Primaria.

🕒 Programa de comprensión lectora nos distintos niveis da Educación Primaria. No que contaremos coa colaboración do Equipo de Biblioteca.

6. MEDIDAS PARA A ORGANIZACIÓN E A DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

No artigo 7 do Decreto 229/2011 defínense as medidas de atención á diversidade como “aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado”.

As medidas de atención á diversidade contempladas pola lexislación oscilan nun continuo que abarca desde a prevención ata a intervención directa específica e incluso, extraordinaria.

No marco do Decreto 229/2011 e da Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, estando destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

As medidas extraordinarias serían todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Nos artigos 8 e 9 do Decreto 229/2011 recóllense as medidas ordinarias e extraordinarias, respectivamente, complementadas na Orde 8 de setembro de 2021, (art 42 a 53 as medidas ordinarias e art 54 a 70 as medidas extraordinarias) e no artigo 4.5 establécese que “na resposta educativa á diversidade priorizáranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores” A continuación se especifican as liñas xerais do centro relativas ás medidas de atención á diversidade. Estas actuacións concretáranse ao principio de cada curso escolar en función das necesidades identificadas.

6.1. MEDIDAS ORDINARIAS

a) Reforzo educativo por parte do profesorado-titor ou de área:

É unha medida ordinaria dirixida ao alumnado que pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe coa modificación de elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, todo o que fai referencia á metodoloxía (secuencia de contidos, organización da aula, agrupamentos de alumnos/as...), formas e instrumentos de avaliación.

Estas medidas serán elaboradas e aplicadas polo docente que imparte a área, co coñecemento do titor ou titora que o comunicará ao equipo directivo e á familia. O

seudesenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario. Ao remate do curso,o profesor/a deberá elaborar un informe relativo ao reforzo implementado.

Consignarase nos documentos oficiais de avaliación coas siglas RE.

b) Apoio por profesorado con dispoñibilidade horaria

A xefatura de estudos informará á Xefatura do Departamento de Orientación destadispoñibilidade e esta, tras a análise da situación e a valoración das necesidades, deseñará a proposta de actuacións e medidas organizativas a desenvolver para adecuar a resposta educativa ás necesidade do alumnado escolarizado no centro.

Este apoio centrarase, preferentemente, en tarefas colaborativas co profesorado responsable das diferentes áreas, fundamentalmente nas instrumentais, atención á aula de convivencia, desenvolvemento de programas educativos, etc.

c) Desdobramento de grupos

Levarase a cabo coa proposta do equipo de ciclo/nivel, oída a CCP e o Dpto. de Orientación, decidido polo equipo directivo nas materias instrumentais, Lengua, Lingua, Matemáticas e Inglés.

d) Programa de habilidades sociais e intelixencia emocional.

Levarase a cabo con todos os grupos de primaria este Plan elaborado polo departamento de orientación que poderá irse variando cada ano.

6.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

a) Apoio especializado do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe

É unha medida extraordinaria que consiste no apoio temporal ou ao longo de toda a etapa educativa, dun mestre especialista en audición e linguaxe e/ou en pedagogía terapéutica, dentro ou fóra da aula ordinaria. A intervención dos especialistas estará explicitamente recomendada no informe psicopedagóxico realizado polo/a orientador/a, e priorizará sempre ao alumnado con NEE (Necesidade Educativa Especial).

b) Adaptación curricular significativa (ACS)

Medida extraordinaria que implica a modificación dun ou máis elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos, competencias básicas e criterios de

avaliación) para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna.

Esta medida seguirá o procedemento establecido na Orde do 8 de setembro do 2021.

A súa elaboración e desenvolvemento, será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área, co asesoramento do orientador/a e de calquera outro profesional que participe na atención ao alumno. O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

A ACS terá unha duración mínima dun curso/nivel. Revisarase periodicamente, polo menos , ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo sobre o que se elabora a adaptación.

Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

A ACS reflíctese no boletín de informacións ás familias e nos documentos oficiais de avaliación (actas de avaliación, expediente académico, historial académico, informe persoal por traslado, se é o caso, informe de avaliación de final de ciclo e informe de avaliación final de etapa).

Proceso de elaboración

- Avaliación diagnóstica. Competencia do orientador/a que emitirá o correspondente informe psicopedagóxico.

- Reunión, coordinada pola xefatura de estudos, á que asistirán os mestres de todas as áreas e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidírase a pertinencia da adaptación, as áreas que se adaptarán así como aqueles elementos do currículo que deberán ser modificados.

- Redacción do documento (ACS). Os mestres/as que imparten as áreas obxecto de adaptación curricular realizarán a programación destas mediante a plataforma informática PROENS e o/a orientador/a elaborará a parte psicopedagóxica do documento según o modelo que achegue a Inspección.

- Reunión de todas as persoas implicadas, baixo a coordinación da xefatura de estudos, para a revisión do documento previa á súa remisión á inspección

educativa.

- Envío da proposta de ACS ao correspondente servizo provincial de inspección que tomará decisión sobre a súa aprobación e emitirá un informe.

Sempre que sexa posible as ACS estarán rematadas e aprobadas no primeiro trimestre, antes da primeira avaliación, para poder ser o referente da avaliación do/alumno/a. Para elo é conveniente establecer prazos no proceso de elaboración:

- Solicitud de avaliación psicopedagóxica: no primeiro mes do curso, tras a avaliación inicial.

- Primeira reunión coa xefatura de estudos: segunda quincena de outubro.

- Elaboración das programacións e entrega ao orientador/a (en soporte informático) para a elaboración do documento: primeira quincena de novembro.

- Remisión do documento á inspección educativa: segunda quincena de novembro, tras a reunión de revisión do documento.

c) Grupo de adquisición de linguas.

Os grupos de adquisición de linguas son agrupamentos de alumnado de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e, excepcionalmente, do derradeiro curso de educación infantil que, procedendo do estranxeiro, descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia. Estes grupos teñen por finalidade o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite, canto antes, a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso en que estea escolarizado.

Precisa autorización de Inspección Educativa e terá unha duración máxima dun trimestre. Así mesmo, precisa de achegar a seguinte documentación: informe xustificado do profesorado-titor; relación do alumnado que conforma o grupo, con indicación da etapa e do curso; relación do profesorado encargado da docencia do grupo; acreditación da información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais; especificación do período de tempo para o cal se solicita o grupo, concretando o horario semanal e o tempo total para o cal se propón; programación ou plan de traballo para desenvolver no grupo de adquisición de linguas.

O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición de linguas deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de estar escolarizado no mesmo ciclo ou nivel.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición de linguas será

de cinco períodos lectivos semanais no derradeiro curso da educación infantil; dez, no primeiro ciclo da educación primaria; vinte, no segundo e no terceiro ciclos da educación primaria.

En educación primaria e en educación infantil, de ser o caso, encargarase calquera mestra ou mestre da correspondente etapa que conte con dispoñibilidade horaria. Ese profesorado coordinarase co profesorado titor do grupo ordinario a que pertenza a alumna ou o alumno, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

d) Grupo de adaptación da competencia curricular:

Son agrupamentos de alumnado do segundo e terceiro ciclos de educación primaria que, procedendo do estranxeiro e non contando con adaptación curricular, presente un desfasamento curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería polo grupo en que estea escolarizado nas áreas ou materias instrumentais de Lingua Galega e Literatura, de Lingua Castelá e Literatura, e de Matemáticas. A súa finalidade é contribuír, o máis rapidamente posible, a unha competencia curricular que lle permita a plena incorporación ás actividades de aprendizaxe propostas ao grupo en que estea escolarizado.

Decidirase a conformación dun grupo de adaptación da competencia curricular cando, a partir da avaliación inicial, realizada no momento da incorporación do alumnado ao sistema educativo galego e que pode complementarse coa avaliación psicopedagóxica, se verifique o desfasamento curricular indicado no punto anterior e se considere a medida máis adecuada para a inclusión dese alumnado e para o seu desenvolvemento curricular. A permanencia do alumnado nestes grupos, que se poderá estender ao longo de todo o curso escolar, levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar semanal, coincidindo coas áreas ou materias de carácter instrumental. Esta permanencia non poderá exceder os oito períodos lectivos semanais

o alumnado incorporárase plenamente ao seu grupo ordinario no momento en que o equipo docente considere superadas as necesidades educativas que motivaran esa medida.

O alumnado que forme parte dun grupo de adaptación da competencia curricular deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de estar escolarizado no mesmo nivel ou ciclo.

O profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular en educación primaria será calquera mestra ou mestre que conte con dispoñibilidade horaria.

e) Agrupamento ou grupo flexible:

Os agrupamentos flexibles, ou grupos flexibles, consisten en agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias en que necesita unha atención máis individualizada, e ao cal a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e de aprendizaxe. Estes agrupamentos só poderán realizarse nos dous derradeiros cursos da educación primaria.

O alumnado derivado a un grupo flexible pertencerá, para todos os efectos, a un mesmo nivel educativo, e manterase a necesaria coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o do agrupamento flexible. Esta medida ten un carácter reversible, xa que a súa finalidade é a pronta incorporación do alumnado ao seu grupo ordinario.

Os agrupamentos flexibles poderán realizarse, prioritariamente, nas áreas ou nas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas, e o alumnado permanecerá nestes agrupamentos a totalidade do horario semanal da área ou da materia. Unha mesma alumna ou un mesmo alumno poderá ser derivado a máis dun grupo flexible, sempre que non se superen, con carácter xeral, os 13 períodos lectivos da totalidade do horario semanal do grupo ordinario.

Os agrupamentos flexibles non suporán a ampliación de unidades do centro docente, por tratarse de agrupamentos temporais de carácter voluntario, nin incremento na dotación de profesorado do centro docente, polo que, de ser o caso, deberán organizarse co profesorado con dispoñibilidade horaria e, prioritariamente, con aquel que conte coa especialidade da área ou da materia e que xa lle imparta docencia ao alumnado que vaia integrar o agrupamento flexible.

O número máximo de alumnado de cada agrupamento flexible será de oito en educación primaria.

A proposta de conformación dun agrupamento flexible realizarase de acordo co procedemento seguinte:

a) Convocatoria dunha reunión, por parte da xefatura de estudos, logo da avaliación final ordinaria e, de ser o caso, da extraordinaria, á cal asistirán a xefatura do departamento de orientación e o profesorado titor do nivel educativo, para analizar a situación do alumnado con dificultades nas áreas ou nas materias que poderían ser obxecto de agrupamento

flexible. En todo caso, o alumnado proposto non poderá contar no mesmo curso académico con adaptación curricular na área ou na materia en que se propón o agrupamento.

b) Informe do profesorado titor sobre o alumnado que podería beneficiarse dese agrupamento.

c) Informe da xefatura do departamento de orientación sobre as circunstancias do alumnado proposto para o agrupamento.

d) Información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais sobre a medida e a súa conformidade expresa. O traslado desa información e a obtención da conformidade correrán a cargo do profesorado titor.

Durante o mes de setembro, a dirección do centro docente solicitaralle ao servizo territorial de Inspección Educativa a autorización do agrupamento flexible, incluíndo a seguinte información:

a) As áreas ou as materias que se impartirán no agrupamento flexible, así como as programacións adaptadas de cada unha delas, considerando as competencias que o alumnado non ten adquiridas e se consideran necesarias para acadar as aprendizaxes requiridas no curso de referencia.

b) A relación do alumnado seleccionado, con indicación dos criterios de selección e das medidas ordinarias aplicadas a cada alumna ou alumno.

c) O horario semanal en que este alumnado permanecerá no agrupamento flexible.

d) A relación de profesorado que se encargará da docencia no agrupamento flexible.

e) O procedemento de coordinación entre o profesorado do agrupamento flexible e o profesorado da área ou da materia do grupo ordinario, de ser o caso.

f) A conformidade expresa das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado afectado.

A autorización dos agrupamentos flexibles compete ao servizo territorial de Inspección Educativa

f) Flexibilización do período de escolarización:

Por **redución** da duración do período de escolarización para o alumnado con altas capacidades intelectuais considéranse as seguintes flexibilizacións:

- Na etapa de educación infantil:

Redución dun ano escolar para o alumnado con acreditación de altas capacidades

intelectuais;

poderá comezar a educación primaria no ano natural en que cumpra os cinco anos de idade.

- Na etapa de educación primaria:

Redución dun ano escolar, independentemente de que se reducise ou non a súa permanencia

en educación infantil, para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais. Esta redución afectará, con carácter xeral, o segundo curso do ciclo, de xeito

que o alumnado que reduce a duración do período de escolarización poida realizar o novo ciclo completo, comezándoo no seu primeiro curso, e non afectará, con ese mesmo carácter,

o derradeiro curso da etapa.

Procedemento:

a) Solicitude da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, achegando

a seguinte documentación:

1º. Informe do profesorado titor en que se xustifique a necesidade desa medida.

2º. Informe psicopedagóxico, en que conste, entre outros aspectos, a acreditación da alta capacidade intelectual da alumna ou do alumno e se especifiquen as medidas de atención

á diversidade adoptadas.

3º. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

4º. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.

5º. Proposta de adaptación do currículo, conforme o establecido no artigo 55 desta orde.

b) A documentación anterior, xunto co informe do servizo territorial de Inspección Educativa,

será remitida pola xefatura territorial á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, á cal lle corresponde autorizar, de ser o caso, a flexibilización.

Prazos:

- a) O mes de marzo, para que as direccións dos centros docentes remitan ás xefaturas territoriais as solicitudes de flexibilización.
- b) O mes de abril, para que as xefaturas territoriais dean traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional das solicitudes de flexibilización da duración do período de escolarización, xunto coa correspondente documentación.
- c) O mes de xuño, para que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adopte as resolucións que procedan e llelas comunique ás direccións dos centros docentes, que deberán trasladárllelas ás persoas interesadas.

Por **ampliación** da duración do período de escolarización considéranse as seguintes flexibilizacións:

a) Na etapa de educación infantil:

Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas

especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. Cando esa ampliación se produza no primeiro ciclo de educación infantil, a incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo.

b) Na etapa de educación primaria:

Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas

especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, logo de esgotada a medida excepcional de repetición de curso dentro da etapa.

Unha segunda ampliación extraordinaria dun curso escolar para o alumnado con acreditación

de necesidades educativas especiais escolarizado a tempo completo nunha unidade

de educación especial ou nun centro de educación especial, sen que poida permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar.

A antedita ampliación realizarase logo de esgotadas as medidas excepcionais de repetición de curso.

Procedemento:

a) Solicitude da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, xunto coa seguinte documentación:

1º. Informe do profesorado titor, no cal se xustifique a necesidade desa medida.

2º. Informe psicopedagóxico da xefatura do departamento de orientación, no cal se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.

3º. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

4º. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.

5º. Proposta de adaptación do currículo, conforme o establecido no artigo 55 desta orde.

b) A documentación anterior, xunto co informe do servizo territorial de Inspección Educativa, será remitida pola xefatura territorial á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a quen corresponde autorizar a flexibilización.

Prazos:

a) O mes de abril, para que as direccións dos centros docentes lles remitan ás xefaturas territoriais as solicitudes de flexibilización.

b) O mes de maio, para que as xefaturas territoriais lle dean traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional das solicitudes de flexibilización da duración do período de escolarización, xunto coa correspondente documentación.

c) O mes de xuño, para que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adopte as resolucións que procedan e lles comunique ás direccións dos centros

docentes,
e estas deberán trasladárlllelas ás persoas interesadas.

OUTRAS MEDIDAS APLICABLES

ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE, POR CIRCUNSTANCIAS DIVERSAS, PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO EDUCATIVO.

Medida que ten como finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial e que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo.

Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- 1) Larga hospitalización: máis de trinta días.
- 2) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- 3) Curta hospitalización: menos de quince días.

O alumnado de larga e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto de esta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

Cando un alumno ou unha alumna sexa obxecto de atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, o seu centro de referencia establecerá, a partir da correspondente concreción curricular de etapa, un programa individualizado no que se terán en conta as necesidades educativas especiais asociadas á súa situación.

EXENCIÓN DA CUALIFICACIÓN DAS PROBAS DE LINGUA GALEGA.

Se aplicará ao alumnado que proceda doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro e que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 5º ou 6º de Educación Primaria. Ademais, se xa realizou estudos na comunidade galega, que leve estudiando fóra máis de 3 anos. Poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares. As solicitudes de exencións dirixiranse ao director, quen resolverá sobre a súa concesión ou denegación.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

Para o adecuado funcionamento das institucións escolares é condición sine qua non a coordinación e colaboración entre os seus compoñentes. Consecuentemente, a optimización do desenvolvemento das medidas de atención á diversidade precisa tamén a colaboración e coordinación entre os implicados nas mesmas.

7.1. REUNIÓNS NO PROPIO CENTRO.

Os Equipos de Ciclo celebrarán, con carácter mensual, reunións nas que se fará unha posta en común sobre as actuacións desenvolvidas, realizarase un seguimento da evolución do alumnado e tomaranse medidas para garantir a coordinación entre o profesorado que atende a este alumnado.

O Departamento de Orientación celebrará, con carácter mensual, reunións nas que se fará unha posta en común sobre os aspectos recollidos nos ciclos e que atinxen ao Departamento.

A CCP celebrará, con carácter mensual, reunións nas que se recolleran os aspectos das reunións de ciclo e de Departamento e se farán achegas aos plans e proxectos de centro, así como ás programacións didácticas e o proxecto educativo.

A maiores, cando **nunha tutoría** se solicite a presenza dos membros do D.O, éstos asistirán en función das súas posibilidades.

7.2. REUNIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS.

As mestras responsables das Escolas de Educación Infantil, forman parte do D.O, polo

que asistirán ás reunións pertinentes. Así mesmo, a orientadora acudirá unha vez á semana ás escolas que ten adscritas coa fin de ter maior contacto co alumnado alí matriculado e poder prever, ou detectar de xeito precoz, calquera tipo de NEAE.

Así mesmo, no terceiro trimestre do curso, levarase a cabo unha xornada de convivencia co alumnado de 6º de Educación Infantil das EEI adscritas.

As reunións co IES de adscrición levaranse a cabo unha vez ao trimesetre e acudirá a Xefa do DO, coa finalidade de establecer pautas comúns ade actuación que faciliten o tránsito de etapa.

Para facilitar o intercambio da información máis relevante sobre o alumnado que finaliza a etapa de Educación Primaria establécese, complementando a preceptiva remisión de documentación que forma parte do expediente do alumno, unha reunión no mes de xuño, con posterioridade á avaliación final de Educación Primaria, na que participarán as Xefaturas do Departamento de Orientación do colexio e do IES, así como os/as titores/as de 6º de Educación Primaria.

Nesta reunión intentarase analizar a traxectoria educativa de cada alumno incidindo fundamentalmente en:

- Principais logros e dificultades educativas
- Circunstancias que poden afectar ao rendemento escolar: absentismo, pasividade, cumprimento das normas, responsabilidade, autocontrol, motivación, sociabilidade, etc.
- Nivel de competencia especialmente nas áreas instrumentais.
- Medidas de atención á diversidade que se aplicaron e a eficacia das mesmas

No terceiro trimestre, así mesmo, terá lugar unha xornada de convivencia do alumnado de 6º de Educación Primaria e o alumnado da ESO no IES.

7.3. REUNIÓN COS CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL CANDO EXISTA ALUMNADO EN MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA.

Actualmente no centro non hai ningún alumno que se atope nesta circunstancia, pero de darse o caso, atenderase ao disposto na Orde do 8 de setembro de 2021 así como ao que recolla a resolución de escolarización que emita a Xefatura Territorial. En xeral procurarase:

- Establecer comunicación fluída a distancia, empregando para elo os distintos medios tecnolóxicos

- Reunións de avaliación trimestrais.

7.4. REUNIÓN COS PROFESIONAIS QUE ATENDEN AO ALUMNADO EN SITUACIÓN DE ATENCIÓN DOMICILIARIA E/OU HOSPITALARIA.

Actualmente no centro non hai ningún alumno/a que se atope nesta circunstancia. Cando se dea a casuística estarase ao tanto do recollido no Protocolo da Consellería de Educación e na Orde do 8 de setembro de 2021. De forma xeral, tratarase de:

- Establecer unha temporalización segundo o plan de coordinación elaborado.
- Establecer comunicación fluída a distancia, empregando para elo os distintos medios tecnolóxicos
- Reunións de avaliación trimestrais.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

8.1. COLABORACIÓN CON FAMILIAS OU TITORES/AS LEGAIS.

Procurarase unha vinculación familia-escola que facilite a súa implicación no proceso educativo, e estableceranse pautas de actuación comúns, orientacións aos pais/nais,...

Para a comunicación cotiás empregarase o Abalar móbil e /ou o teléfono

Para recibir información sobre o progreso do seu fillo/a no proceso de ensinanza- aprendizaxe, poderán solicitar titoría os martes pola tarde no horario destinado a tal fin.

Asemade, é importante que as familias colaboren facilitando información sobre as NEE dos seus fillos/as e sobre as circunstancias familiares, a conduta do neno/a, etc.

8.2. COLABORACIÓN CON INSTANCIAS EXTERNAS

Programaranse reunións periódicas coas organizacións e servizos externos que asisten a alumnado do centro. Teremos en conta o establecido no Protocolo de Protección de Datos, elaborado pola Consellería de Educación e os pais/nais/ tutores e titoras legais do alumnado asinarán un documento no que se autoriza ao centro a manter os ditos intercambios comunicativos.

Comunicación a outras administracións públicas ou institucións Poden destacarse as seguintes situacións:

- Cambio de centro educativo
- Cesión ao Defensor del Pueblo, ao Ministerio Fiscal, aos xuíces ou tribunais ou ao Tribunal de Cuentas, no exercicio das funcións que ten atribuídas, ou a institucións

autónomicas con funcións análogas ao Defensor del Pueblo ou ao Tribunal de Cuentas

- Equipos de Orientación Específicos
- Cesión a outras administracións (servizos de benestar, servizos sanitarios etc) Servizos de menores
- Servizos sociais
- Forzas e Corpos de Seguridade

8.3. **PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO (EOE)**

Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica por parte da Xefatura do Departamento de Orientación do centro, poderase solicitar a intervención do EOE, seguindo os seguintes pasos.

- Completar a ficha de solicitude
- Adxuntar o informe de avaliación psicopedagóxica
- A Dirección do centro tramitará, a través da Inspección Educativa.

9. **PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DO ALUMNADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Antes de derivar a un alumno/a á Xefatura do Departamento de Orientación os titores e titoras deberán intentar darlle resposta empregando para elo as medidas ordinarias que estimen oportunas. Se aínda así non conseguen un progreso adecuado do alumno/a deberán solicitar á Xefatura do Departamento de Orientación o seguinte protocolo:

SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PERSOA QUE FAI A DEMANDA:

CURSO ESCOLAR:

1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A

NOME:	NIVEL:
DATA DE NACEMENTO:	LUGAR:
NOME DO PAI:	
NOME DA NAI:	
Nº DE IRMÁNS:	
PERSOAS QUE VIVEN NO DOMICILIO FAMILIAR:	
DATOS FÍSICOS OU DE SAÚDE RELEVANTES:	

2. DATOS ESCOLARES

IDADE DE INICIO DA ESCOLARIZACIÓN:
COLEXIOS ANTERIORES:
CURSO ACTUAL:
REPETIU ALGÚN CURSO:

Reforzos Educativos // Adaptacións Curriculares anteriores: (asignaturas e curso académico)

Apoio fora do Centro escolar (Asociación,. Gabinete, Mestras apoio,..)

3. MOTIVO DA DEMANDA:

4. DESCRICIÓN DAS MEDIDAS LEVADAS A CABO:

5. A FAMILIA COLABORA? ESTÁN INFORMADOS DESTA SOLICITUDE?

En Carril a ___ de _____ de 20__

Asdo:

A Xefatura do Departamento de Orientación, unha vez valorada a solicitude, decidirá a conveniencia de realizar a avaliación psicopedagóxica, seguindo o procedemento que se relata a continuación:

1º O titor/a informará á familia ou titores legais sobre a necesidade de valoración do alumno/a. Previamente a calquera actuación a familia/titores legais farán constar por escrito a súa autorización para que o Departamento de Orientación faga a pertinente valoración.

2º O orientador/a realizará a debida avaliación psicopedagóxica coa participación, se for necesario, do mestres especialistas en AL, PT ou do Equipo de Orientación Específico de zona. No caso de solicitar a concorrencia deste comunicaráselle á familia quen manifestará por escrito o seu acordo ou desacordo.

3º Unha vez rematada a avaliación o orientador/a informará sobre o resultado ao titor/a, quen informará á familia e ao resto do profesorado que incide no grupo. No caso de precisar o apoio de profesorado de PT e/ou AL a familia expresará por escrito o acordo ou desacordo con respecto a esta medida.

4º Se for o caso, o orientador/a elaborará o pertinente informe psicopedagóxico que se incluírá na carpeta do alumno/a no Departamento de Orientación e se xuntará ao seu expediente académico.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesario informe xustificativo do correspondente servizo de orientación e/ou, segundo proceda, autorización da dirección do centro educativo, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que corresponda, e, cando cumpra, do Ministerio de Educación

10. MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROTOCOLOS ESTABLECIDOS POLA CONSELLERÍA

10.1. ABSENTISMO

A maiores das medias establecidas no protocolo, dende o noso centro procederemos do seguinte xeito:

- Seguir as indicación sinaladas no protocolo.

- Informar ás familias nas reunións colectivas de principio de curso.
- Establecer un vínculo afectivo coas familias e co alumnado en risco de exclusión.
- Realizar actividades de sensibilización co alumnado sobre a importancia de asistir a clase.
- Facer uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación para un contacto fluído entre o centro e as familias e para a comunicación inmediata das posibles incidencias.
- Incluír na escola de pais/nais sesións destinadas a informar da importancia de asistir á escola.
- Establecer nos diferentes documentos de centro (PXAD, PAT, Programas de Acolliida, Plan de Convivencia e NOFC) as estratexias de actuación relacionadas co absentismo.

10.2. TDAH

A maiores das medias establecidas no protocolo, dende o noso centro procederemos do seguinte xeito:

- Coñecemento e manexo do protocolo por parte do profesorado.
- Información sobre características máis habituais que presenta o alumnado TDAH.
- Establecer contacto con organizacións ou asociacións especializada s n e s t a t e m á t i c a e q u e p o i d a n a p o r t a r n o v a s f e r r a m e n t a s d e a c t u a c i ó n .

10.3. TEA

A maiores das medias establecidas no protocolo, dende o noso centro procederemos do seguinte xeito:

- O Equipo docente terá un bo manexo do protocolo TEA.
- Os mestres/as que lle impartan docencia terán un coñecemento explícito das súas características para ter en conta na planificación do proceso de ensinanza-aprendizaxe. O Equipo docente terá en conta a presenza deste alumnado no centro, facendo as modificacións pertinentes, sempre que sexa posible, para o

desenvolvemento autónomo do alumno ou alumna no centro (ex. Pictogramas para sinalar os espazos).

- Contacto con organizacións e asociacións especializadas.
- Realización de charlas informativas para familias e equipo docente.
- Realización dun PFPP sobre esta temática.

10.4. **HIPOACUSIA E DISCAPACIDADE AUDITIVA.**

A maiores das medias establecidas no protocolo, dende o noso centro procederemos do seguinte xeito:

- Coñecemento do protocolo por parte do profesorado.
- Aproveitar os restos auditivos empregando apoios visuais continuados.
- Solicitude de Intérprete de LSE cando se trata dunha hipoacusia severa.
- Solicitar asesoramento e información a asociacións especializadas.

10.5. **SÍNDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL.**

A maiores das medias establecidas no protocolo, dende o noso centro procederemos do seguinte xeito:

- O Equipo docente coñecerá o protocolo e as medidas nel recollidas.
- Os mestres/as que lle impartan docencia terán un coñecemento explícito das súas características para ter en conta na planificación do proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- Contacto con organizacións e asociacións especializadas.
- Xornadas de sensibilización para a comunidade educativa.

10.6. **DISLEXIA E OUTRAS DEA.**

A maiores das medias establecidas no protocolo, dende o noso centro procederemos do seguinte xeito:

- Detección temperá, sobre todo no segundo ciclo de Educación Primaria.
- Informar aos titores/as e resto do profesorado das principais características que adoita presentar este alumnado.

10.7. **ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS.**

A maiores das medidas espalecidas no protocolo, dende o noso centro procederemos do seguinte xeito:

- Programa de intelixencia emocional e habilidades sociais.
- Actividades interdisciplinares.
- Metodoloxías activas e participativas.

10.8. **DISCAPACIDADE VISUAL**

- Contactar con entidades especializadas para que axuden a abordar estratexias e prácticas de intervención.
- Dar a coñecer ao profesorado as orientacións e respostas educativas para o Alumnado con discapacidade visual editadas pola Xunta de Galicia.

10.9. **DISCAPACIDADE MOTORA**

- Contactar con entidades especializadas para que axuden a abordar estratexias e prácticas de intervención.
- Dar a coñecer ao profesorado as orientacións e respostas educativas para o Alumnado con discapacidade motora editadas pola Xunta de Galicia.

10.10. **ATENCIÓN TEMPERÁ**

- Poñer en coñecemento do profesorado e as familias o Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en Atención temperá así como o Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.
- Establecer cauces de coordinación cos servicios de atención temperá e o SERGAS.

10.11. **RISCO SUICIDA:**

Ademáis de seguir os procedementos e actuacións que se indican no protocolo da Consellería de Educación, estableceranse medidas preventivas mediante o traballo nas titorías de aspectos relativos ao benestar emocional, xestión emocional, relacións sociais...

11. **PROCESOS DE SEGUEMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN**

Revisaranse as medidas postas en marcha para a atención ás necesidades

específicas de apoio educativo do alumnado, analizando tanto as medidas organizativas como curriculares, así como a organización dos recursos persoais e materiais, a intervención educativa, a implicación persoal dos distintos profesionais e os procedementos de información ás familias, a intervención das mesmas na consecución dos obxectivos educativos dos seus fillos e fillas ao longo do curso, ou ben nas reunión de Departamento de Orientación ou ben nas CCP .

Ao finalizar o curso, o Departamento de Orientación realizará unha memoria de avaliación e desenvolvemento do presente plan e das modificacións introducidas nel o longo do curso, a través da Memoria Final . Ao mesmo tempo emitirase un informe coas propostas a considerar no curso seguinte.

Teranse en conta os datos achegados tanto polo profesorado especialista en PT e AL como os que proporcionen os titores/as, os mestres e mestras especialistas, equipo directivo ou achegados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Establécense dous niveis de avaliación; por unha banda a avaliación dos resultados dos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo afectados polo plan, e por outra banda a avaliación do propio plan, na que se analizará a adecuación á realidade do centro e faranse propostas de mellora cara o vindeiro curso, con aportacións da CCP e o Claustro.